

Expediente núm. 26/2021

PROGRAMA: PRÉSTAMO DE ORDENADORES PARA USO DOS NENOS/AS, VECIÑOS DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS, QUE ACODEN AO SEU CENTRO DE REFERENCIA, C.E.I.P. DE SEIXALBO

Obxectivo

Esta actuación ten como obxectivo o préstamo de 8 ordenadores portátiles ao C.E.I.P. de Seixalbo que realiza o Concello de San Cibrao das Viñas dende o día 21 de xaneiro de 2021 ata o 10 de novembro de 2025.

O C.E.I.P. de Seixalbo é o centro escolar de referencia deste Concello e onde acude a maior porcentaxe dos nenos que viven no termo Municipal de San Cibrao das Viñas.

A finalidade deste servizo de préstamo é a de aprendizaxe, sendo a súa utilización con fins académicos ligados a actividades de estudo ou a de realización de labores escolares dende o domicilio.

Usuarios

- **Poderán facer uso deste servizo de préstamo os alumnos/as de Seixalbo que teñan a súa residencia no concello de San Cibrao das Viñas.**
- **Para poder utilizar o servizo de préstamo será necesaria a xustificación do empadramento do alumno/a no Concello de San Cibrao das Viñas así como o compromisodo pai/nai/titor...**

Prestacións

Por medio deste servizo poderase:

- Acceder aos recursos de información de carácter académico relacionados co aprendizaxe, a docencia e a investigación dispoñibles a través de internet.
- Utilizar aplicacións informáticas básicas para crear, editar, ler e gardar contidos de natureza académica coa finalidade de adquirir coñecementos, realizar traballos escolares ou a atención e seguimento das clases virtuais, no seu caso.

Condicións e características do préstamo

O CEIP de Seixalbo será o encargado de realizar a xestión directa do préstamo dos ordenadores, quedando obrigados a realizar as oportunas desinfeccións e revisión e borrado de contido de ficheiros do usuario anterior cada vez que se faga un cambio do usuario do préstamo.

- O alumno/a (o pai, nai, titor/a... neste caso por seren alumnos todos menores de idade, solicitará o servizo de préstamo do ordenador) cubrindo a solicitude facilitada ao efecto así como o compromiso de facer bo uso e mantemento do ordenador prestado (Anexo I) .
- O préstamo se realizará previa presentación da xustificación do motivo polo cal demanda o ordenador, así como a documentación na que conste a residencia do alumno/a (**Certificado de empadramento municipal**).
- Os equipos se prestarán por rigoroso orde de entrada da solicitude y baixo os criterios do persoal docente do centro.
- Non se permitirá manipular nin o hardware nin o software instalados no ordenador, que deberá ser devolto en iguais condicións nas que fora entregado e comunicará ao persoal do CEIP de Seixalbo calquera alteración que houbera

observado nel. En particular, se ocupará de que non sexa utilizado por outra persoa.

- Non se poderá ter máis dun dispositivo en préstamo de forma simultánea.
- Non está permitido realizar reservas.
- Cando un usuario toma estes dispositivos en préstamo acepta as condicións de préstamo dos mesmos y normativa de aplicación.
- O CEIP de Seixalbo non se fai responsable da perda de información que puidera producirse. O alumno/a ten a posibilidade de gardar información nos dispositivos correspondentes para elo ou na súa conta de correo electrónico.

Incumprimento das normas

Calquera actuación dos alumnos/as desconforme con las normas establecidas para o préstamo de ordenadores portátiles facultará ao CEIP de Seixalbo, segundo a entidade e a transcendencia da actuación, para a adopción dalgunha das seguintes medidas de execución inmediata:



IMPORTANTE

- **O alumno/a será o responsable da custodia e do bo uso** do seu equipo durante o período de préstamo do mesmo. No caso de extravío, destrución ou deterioro do ordenador portátil o dalgún accesorio, o alumno/a será o responsable da reposición deste. Un mal uso deste servizo suporá a suspensión do mesmo e se tomarán as medidas disciplinarias que se consideren oportunas, atendendo á natureza dos danos efectuados, (dende a reposición do ordenador por outro de iguais características ou, no seu caso, á reparación do dano causado).
- Advertencia sobre o uso indebido do ordenador por parte do alumno/a.
- No caso do incumprimento dos prazos de devolución dos ordenadores acordados cos responsables do CEIP, poderase proceder á medida de suspensión do servizo

de préstamo destes ordenadores ao mesmo alumno/a, en proporción directa ao retraso en que se houbera incorrido.

AVISO DE SEGURIDADE: Por razóns de seguridade e privacidade de datos persoais o alumno/a **pode atopar restricións na descarga e uso dalgunhas aplicacións** dos dispositivos.

Este programa de préstamo é aceptado polo C.E.I.P. de Seixalbo, e en proba de conformidade asinase o presente documento en San Cibrao das Viñas, a 21 de xaneiro de 2021.

Polo Concello,

Polo C.E.I.P. de Seixalbo,

O Alcalde-Presidente

A Directora,

Manuel Pedro Fernández Moreiras

.....

Anexo I

Eu, D./Dna. _____
con DNI _____ pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a
_____ do C.E.I.P. de
Seixalbo, recibín en réxime de préstamo o equipamento identificado máis abaixo para
continuar o proceso formativo durante a vixencia das circunstancias excepcionais
derivadas da pandemia por Covid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade
e coidado, a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolvelo nas mesmas
condicións en que me foi entregado.

EQUIPO

MODELO

N.º DE SERIE

E para que así conste, asino este documento

En _____, a _____ de _____ de _____

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



Concello de
San Cibrao das Viñas

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101